

# Ufarte, unha figura do fútbol que comezou a xogar no Petit Lérez

Mateo Fontán Couto

No deporte, máis concretamente no dominante universo do fútbol, o nome do xogador pontevedrés José Armando Ufarte Ventoso soa familiar, ten aroma de lenda e á vez ocupa un posto nese olimpo non tanxible formado por aqueles futbolistas dotados dunha personalidade singular. Quen foi alcuñado como o «Garrincha español» comezara, como tantos nenos da época, xogando polas rúas con pelotas de trapo mais, co tempo, estaría chamado a se converter nun dos mellores futbolistas nados en Galicia.

## Anos de rúa

Na madrugada do 17 de maio de 1941, en plena posguerra do 36, a parella composta por Josefa Ventoso e José Juan Ufarte Rivas traían ao mundo ao seu primeiro fillo que bautizarían co nome de José Armando Ufarte Ventoso. Asentados en Pontevedra, a nai ocupábase do fogar mentres que o pai, de profesión mecánico, traballaba no Servizo de Recuperación do Exército, un gran taller onde se recompuñan automóbiles e camións procedentes da aínda recente guerra civil. Despois de José Armando a familia completárase con dúas irmás de nome Carmen e Antonia.

O pequeno Ufarte semellou nacer co becho do fútbol dentro. Sempre que pode bótase a xogar nas rúas, campos e estradas lindeiras do estadio de Pasarón onde cedo destaca entre os seus compañeiros dándolle ao xeito a pelotas desas de trapos envolvidos e cosidos. Aos poucos, o desaparecido equipo do

Petit Lérez sería o primeiro que detecta a súa maña e ofértalle ao pequeno José Armando unha proba. Proposta que non chegou ver con bos ollos dona Josefa, consciente, como nai neses anos de pobreza, dun seguro desgaste nos zapatos. Aceptado polo Petit Lérez, neste

comezo o rillote Ufarte non será dos titulares, pero pouco tempo despois, nun partido en Mourente e ante a ausencia dun compañeiro, chegaralle por fin, cando contaba non máis que con once anos, o seu instante. Ese sempre sorpresivo e ilusionante: “Rapaz, veña que vas xogar”.



Na cuberta da revista deportiva brasileira “Estadio”, Ufarte con Ruben Marcos, do Universidad Católica de Chile. Fonte: [indiosrojblancos.foroactivo.com](http://indiosrojblancos.foroactivo.com)

Mais a historia familiar, en tempo de estraperlo e pobrezas, circulaba por camiños ben distintos. O seu pai vírase na obriga de emigrar a Brasil na procura dun mellor porvir económico e, desde alí, a idea para el era a de ir mandando cartos á familia e reunir todo o casal no país que viña de aco-llelo. Á espera, un espelido Ufarte, xa preto de cumprir trece anos, avanza nas súas maneiras de dianteiro e asina ficha para se integrar no xuvenil do Pontevedra C. F. Emporiso, a súa temperá idade impídelle debutar oficialmente na categoría e ten que facelo provisionalmente no once infantil cando, aos poucos, vese no compromiso xunto ao resto da súa familia de abandonar Pontevedra rumbo a Brasil, reclamados todos polo seu pai.

## Emigrantes no Brasil

A familia pontevedresa asenta en Río de Janeiro, no barrio de Ramos, desde 1954 cun galego familiar que lles facilitará o entendemento do portugués e que lles abrirá portas ante as novas amistades brasileiras. O mozo Ufarte adáptase sen problemas nunha terra que, el ben o sabía, pasaba por ser o país do fútbol. Nese senso, Ramos era un barrio con moita tradición nun deporte que alí era o rei, e no que as súas rúas convertíanse tardes e mañás en escenario de “pachangas” improvisadas que servían como escola de fútbol. Ao segundo ano da súa chegada desde Galicia, José Armando comeza a estudar peritaxe industrial empurrado polo pai, mais xusto no momento no que un club brasileiro detecta o talento natural do futbolista emigrado. E ese club era nada máis e nada menos que o Flamengo. Chegan a el despois de ter unha información privilexiada de man dunha “olleadora” moi particular. Foi unha veciña, que dende o seu balcón observaba un típico

partidión de barrio, a que reparou na mestría coa “bola” de Jose Armando. E a tal muller, que estaba casada cun español, resultou ser filla do tesoureiro do denominado Club de Regatas Flamengo. Poñendo en situación ao seu home, este á vez avisou o sogro e entre ambos armaron unha proba para o recomendado futbolista pontevedrés. Tras realizala con éxito, Ufarte pasou a asinar unha ficha como infante-xuvenil pola que xa recibiría 500 cruceiros.

Ten quince anos cumpridos e ante esta proposta opta por renunciar aos estudos e comprometerse definitivamente co fútbol. Un ano máis tarde xa xoga no Flamengo xuvenil e, con dezasete, entra no once filial onde permanecerá dúas tempadas. Cando conta con dezanove anos o adestrador do Corinthians de São Paulo, Martim Francisco, solicita o traspaso de Ufarte, do que lle chegaran excelentes informes. O pontevedrés non dubida sumarse ao Corinthians animado pola mala relación que mantiña con Fleitas Solich, o seu adestrador no Flamengo, que se empeñara, sen maior éxito, en mudar a posición natural do dianteiro dentro do campo de xogo. Deste modo, coa aprobación do tal Fleitas, Ufarte sae rumbo ao Corinthians por 30.000 cruceiros ao mes e 300.000 cruceiros de prima de fichaxe por ano. Xa é todo un profesional do fútbol.

Pero tras un gran ano neste Corinthians, con excelente rendemento, unha nova vai sorprendelo negativamente. O seu club decide fichar a Fleitas Solich como novo adestrador e a saída do pontevedrés do cadro de São Paulo está cantada. Decepcionado retorna a Río de Janeiro en días nos que por outra parte non deixaba de matinar na posibilidade de regresar como futbolista a España. Un pensamento ao que se sumaba que á nai non lle



*Ufarte en Pasarón, co Atlético de Madrid, nunha fotografía dedicada a unha peña de amigos. (Fondo Enrique Acuña).*

sentaba ben o clima de Río e que, malia que o taller mecánico do pai funcionaba ben, toda a familia estrañaba a terra.

Xa de novo nas fileiras do Flamengo, a Pepe —así o chamaban os seus compañeiros— aínda lle quedaban páxinas gloriosas que escribir no fútbol carioca. Nesta xeira, o club de Gávea ofrécelle un sucucento contrato de 420.000 cruceiros anuais de prima de fichaxe e 45.000 cruceiros mensuais de soldo e, máis importante se cabe, xogar ao carón de grandes xogadores como eran Moacyr, Henrique, Dida ou Zagalo. Mais agora, Ufarte xa non é Ufarte. O antipático adestrador Fleitas aplicáralle no seu día o alcume de “Espanhol” e, desde entón, así pasou a ser recollido en aliñacións e crónicas xornalísticas.

No puramente competitivo, tras unha espléndida tempada co Flamengo, chega á final do campionato que o once de Ufarte perderá ante o Botafogo do xenial Garrincha. Un extremo dereito internacional con Brasil que, curiosamente, moitos xornalistas deportivos insistían en que era todo un espello para Ufarte. En medio deste fracaso deportivo,

a prensa recolle a admiración que Ufarte sente por Mané Garrincha, co que comparaban de xeito unánime en estilo e actitude. Pero “Espanhol”, que xa pasara a ser considerado tamén como unha estrela, xamais se atreveu a equipararse co astro brasileiro. Del sempre diría que era inimitable.

Conscientes do enorme talento do xogador galego, en Brasil tratan de que Ufarte se nacionalice con vistas a que poda xogar coa “canarinha”. Mais o dianteiro ten viva, como soño desde rapaz, a ilusión de vestir a camisola da selección española. Ademais, xa en clave familiar, os seus pais seguen instalados na saudade, José Armando coñece a Palmira, a muller que será o gran amor da súa vida, e unha das súas irmás contrae matrimonio e regresa a España. E precisamente será desde a España natal de onde chegan rumores que falan do interese de clubs como Real Madrid e Valencia polo dianteiro. Tamén Ramiro Rodríguez, ex xogador do Santos brasileiro e figura no Atlético de Madrid, mándalle unha carta a Ufarte onde lle explica que no club “colchonero” sería moi ben recibido. Mentres, en Brasil, Ufarte ou “Espanhol”, proclámase co Flamengo por fin campión de liga ante o Fluminense, o seu eterno rival. É cando o pontevedrés xa ten claro que quere retornar a España. Así llo fai saber ao presidente do Flamengo que comprende os desexos da súa figura e prométtelle unha saída favorable no caso de que chegase unha oferta seria por el.

En xuño de 1963 o Flamengo emprende unha longa xira de dous meses por Europa. O once de Río visitará Romanía, Polonia, Suecia e Dinamarca e tamén Rusia, Francia, Austria e Checoslovaquia. Estando o club en Milán, o Santos brasileiro, que sería o rival nun torneo, anuncia a súa

incomparencia. Ante a situación, Ufarte aproveita para pedir permiso no Flamengo para poder achegarse a súa cidade natal que, había nove anos, deixara para emigrar a Brasil. Pasa non máis que un par de días en Pontevedra, saúda a vellos amigos da nenez, concede entrevistas a distintos xornais galegos, alégrase sinceramente polo ascenso de categoría do equipo onde xogara de xuvenil e tamén insiste nas “intervius” no seu desexo de xogar en España.

Cando o Flamengo tiña taxado ao seu xogador en 125.000 dólares, toda unha cantidade prohibitiva para a época, en 1964 o club disputaría diversos partidos en España. Ante o Valencia en Mestalla e no Metropolitano fronte ao Atlético de Madrid. Nesta ocasión, Ufarte causa unha extraordinaria sensación na parroquia colchoeira e os directivos do club metropolitano conxúranse a non deixalo escapar. O desexo do xogador pontevedrés verase cumprido e un José Armando Ufarte eufórico instálase en España despois de asinar contrato co Atlético de Madrid o 1 de xullo de 1964. Atrás quedaba unha brillante carreira de case dez anos, e Palmira...

### O regreso a España de “Espanhol”

O que fora xogador do Petit Lérez debutaría co Atlético nun encontro ante o Inter de Milán que acabaría con táboas a dous tantos, e actuación sobranceira de Ufarte. Mentres, na Liga, a súa estrea prodúcese ante o Betis, con vitoria favorable do Atlético. Mes e medio máis tarde Ufarte xa sería preseleccionado para xogar co equipo B de España ante Portugal no cordobés Estadio del Arcángel, nun partido que a selección gaña por tres goles a cero con Ufarte como xogador máis destacado.

A arela de xogar coa selección absoluta de España cumpríraselle a Ufarte na cidade de Dublín onde debuta aínda que, desta vez, cunha derrota ante Irlanda. Tratábase dun encontro de clasificación para o Mundial de 1966, a celebrar en Inglaterra. De seguido xogaría fronte a Escocia en Glasgow, con empate e a continuación en dúas vitorias fronte a Irlanda. O gol deste último encontro foi obra de Ufarte que, con este tanto, acadaba o valor engadido de significar o boleto definitivo para o Mundial.

### Coa selección en Pontevedra

Ufarte xogou coa selección española quince partidos e marcou dous goles en sete anos. Disputou a fase de clasificación e o propio Mundial de Inglaterra de 1966, e tamén as fases do de México de 1970 e o de Alemaña de 1974. Participou igualmente na Eurocopa que se celebrou en Italia en 1968.

Pero o máis curioso do seu paso pola selección foi que con ela chegou a xogar no mítico e pontevedrés Estadio de Pasarón. Os seus paisanos puideron gozar do seu xogo —tamén o fixeron varias veces como xogador do Atlético de Madrid ao estar o Pontevedra C.F. en 1ª División— por conta da decisión do daquela seleccionador José Luis Villalonga de escoller Galicia como o lugar onde preparar o Mundial de Inglaterra. Nese sentido organizáronse unha serie de encontros amistosos e o campo de Pasarón acolleu ata tres deles que, a maiores de adestramentos, serviron de exhibición de Ufarte e os seus compañeiros. Entre eles figuraban nomes tan sonoros e históricos como Iribar, Sanchís, Eladio, Gallego, Zoco ou Pirri, e tres xogadores da selección, galegos como Ufarte, como eran Amancio, Marcelino

e o gran Luís Suárez. Partidos da selección contra o Atlético Pontevedrés, o Coruxo, a selección xuvenil galega e un, xa máis serio, o 29 de xuño de 1966 ante o Wiener Sportklub, equipo da primeira división austríaca. Ufarte nestes días, como sempre que xogaba en Pasarón, confraternizou con vellos amigos e compañeiros do seu barrio aos que lle dedicaba fotografías que, aínda hoxe, algún deles conserva.

## Unha traxectoria de éxitos

Ufarte xa era a esta altura unha figura das máis populares do fútbol español e a súa traxectoria pasa a ser coñecida e celebrada. O mellor da súa carreira plásmase nos dez anos nos que se mantén como titular no Atlético de Madrid. Un club no que xoga douscentos corenta e seis encontros de Liga e consegue vinte e cinco goles. Co equipo branquivermello acadada cinco títulos —tres de Liga e dous de Copa— e foi sempre querido polos seus seareiros ata que, preparando unha retirada ordenada, en 1974 ficha polo Racing de Santander. Un equipo co que conseguirá un ascenso á Primeira División e co que na tempada 1975-76 se despedirá de profesional despois de xogar cincuenta e cinco encontros e anotar dez goles.

Afastado do fútbol como xogador comeza a súa etapa como adestrador formándose nas categorías inferiores do Atlético de Madrid, primeiro, para xa en 1985 tomar as rendas do filial, o Atlético Madrileño. Tres anos despois chega a asumir o mando do primeiro equipo durante tres encontros, substituíndo a Menotti, e que lle servirán para adquirir unha experiencia que porá en valor nos bancos do Racing de Santander durante dúas tempadas, na 1990-91 será adestrador do Club Polideportivo Mérida.



*Ufarte formando coa Selección Española absoluta, nun encontro de exhibición, no Estadio de Pasarón.*

## Campión de Europa con Luis Aragonés

En 1997 Ufarte entra a formar parte do *staff* técnico da Federación Española de Fútbol que lle encargará responsabilizarse, en diferentes tramos, das seleccións sub-16, sub-19 e sub-21, equipos cos que acadada ata seis títulos europeos. José Armando Ufarte foi o técnico que confiou e pulou por xogadores como Iniesta, Silva, Ramos, Cesc ou Piqué que, como eixo central do seu xogo, chegarían a un equipo absoluto que daría un dos máis valorados

triumfos internacionais do fútbol español. Con el no banco, como axudante de Luis Aragonés, antigo compañeiro seu na mítica dianteira dos “colchoneros”, España gañará a Eurocopa de 2008.

Un gran colofón para a traxectoria deportiva deste xogador pontevedrés de 1,69 cm e 75 kilos de peso o cal nacera ao fútbol nun equipo de Lérez. Un galego que foi “Espanhol” no Brasil e que, para moitos dos que gozaron do seu fútbol, chegou a se converter por moitos anos no “Mané Garrincha” da 1ª División española de fútbol.



*Con España B en Pasarón para preparar o Mundial de Inglaterra de 1966.*